# MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES ANIMAIS

## SE CAZAS NOUTROS PAÍSES DEBES TOMAR CERTAS PRECAUCIÓNS PARA NON TRAER ENFERMIDADES ANIMAIS AO TEU REGRESO







### EQUIPAMENTO

- O equipo pode ser vehículo para virus e bacterias, sobre todo se entras en contacto cos animais ou os seus fluídos.
- Asegúrate antes de volver de que a roupa e especialmente as botas veñen limpas (sen sucidade visible) e desinfectadas.
- A limpeza a altas temperaturas é moi eficaz e para desinfectar asegúrate de respectar o tempo de contacto recomendado.





### PRODUTOS CÁRNICOS E TROFEOS

- A carne, o sangue e resto de produtos cárnicos crús e/ou curados son un vehículo altamente perigoso que pode manter o axente patóxeno infectivo durante meses.
- Os trofeos deben vir coa documentación correspondente e despois de ser tratados axeitadamente no país de orixe.
- Recomendamos que non traias produtos animais e, se os traes, asegúrate de que non se usan como alimento para outros animais.





## NON SAIAS CAZAR E EVITA O CONTACTO CON EXPLOTACIONS ANIMAIS AO MENOS ATA QUE PASEN 3 DÍAS DESDE A TÚA CHEGADA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL